

Referencia:	2024/9236J
Procedemento:	P1 - Previo de necesidades
INTERVENCIÓN (4855)	

ASUNTO: Contratación da facturación do consumo de enerxía eléctrica dos edificios e instalacións pertencentes a Deputación, onde está incluído este **Consortio de Augas de Valdeorras**.

D^a Mónica Legaspi Díaz, Interventora da Deputación Provincial de Ourense e do Consorcio de Augas de Valdeorras, en atención as facultades recollidas no artigo 4.1.b) 6 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte **INFORME de certificado de existencia de crédito**.

ANTECEDENTES

O 21 de xuño de 2024 dende a sección de Residuos e Enerxía da Deputación Provincial, realízase a esta Intervención a través do xestor de expedientes electrónicos da Entidade o encargo número 114626, solicitando o informe de Intervención.

Visto a proposta e a documentación complementaria achegada para a contratación do procedemento de contratación da facturación do consumo da enerxía eléctrica dos edificios e instalacións propiedade da Deputación Provincial de Ourense, o seu organismo autónomo, entes dependentes e para os convenios de cooperación delegados na Deputación polos concellos da provincia de Ourense, polo importe total máximo previsto para o Consorcio de



DEPUTACIÓN
OURENSE

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

Augas de Valdeorras de 435.000,00 euros (IVE e demais impostos incluídos), e en cumprimento do establecido nas bases de execución dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense e do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2024,

INFORMO

1.- Que existe crédito adecuado e suficiente para a contratación deste subministro de enerxía eléctrica para os edificios e instalacións pertencentes a Deputación Provincial de Ourense, incluídos os das entidades dependentes e organismo autónomo.

O orzamento base de licitación (gasto máximo autorizado) para o Consorcio de Augas de Valdeorras fixase na cantidade de 435.000,00 €.

Para o exercicio 2024 a cantidade reservárase dende o mes de Outubro ata o mes de Decembro, quedando condicionado o resto á consignación de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio de Augas de Valdeorras no exercicio 2025.

Aplicación Orzamentaria	Exercicio	Período	Descrición	Importe
920/22100	2024	01-10-24 al 31-12-24	Enerxía Eléctrica	108.750,00 €

2.- Que no expediente, consta a xustificación da necesidade do contrato, asinada polo Xefe da sección de Residuos e Enerxía e polo Director da Área de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense, de data 20 de xuño de 2024.

3.- Que xustifícase a ausencia da alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais da contratación.



DEPUTACIÓN
OURENSE

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

4.- Que xustifícase que o Consorcio de Augas de Valdeorras non dispón de medios propios axeitados e suficientes para satisfacer a necesidade obxecto do contrato.

E para que así conste, expido o presente informe, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito, en Ourense na data da sinatura electrónica,